



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

BASES PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE PERSOAL PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS E ESPACIOS PÚBLICOS.-

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.- constitúe o obxecto da convocatoria a provisión temporal en réxime laboral de seis traballadores, xornada do 75% (6 Horas) e por un período de oito meses para o servizo de mantemento de zonas naturais e espazos públicos, no marco do programa "Depuemprego 2016-2017" financiado pola Deputación Provincial de Lugo ao amparo do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Friol e a Deputación Provincial de Lugo en data 23/09/2016.

Ocupación	Nº Postos	Servizo	Duración da Contratación	Xornada
Peón	6	Mantemento de Zonas Naturais e Espazos Públicos	8 Meses	75 %

A presente convocatoria e bases será obxecto de publicación no B.O.P. de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es) e na páxina web da Deputación Provincial de Lugo, de conformidade co disposto na cláusula quinta do Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa Depuemprego. O resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Friol.

As presentes contratacións serán financiadas 100% polo Convenio de Colaboración asinado entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Friol para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa Depuemprego, por dar cumprimento á competencia de servizos municipais mínimos ou outros servizos, xerando oportunidades de emprego.

Serán funcións a desempeñar polos/as contratados/as as que se lle poidan encomendar pola Alcaldía ou polos concelleiros delegados que garden relación co posto a desempeñar, según as necesidades dos servizos e na procura dunha boa marcha dos mesmos.

2.- MODALIDADE DO CONTRATO.- A modalidade dos contratos laborais serán de duración determinada regulados no artigo 15.1 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de Outubro.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto á xornada do servizo anteriormente mencionado e as retribucións, detallase seguidamente:

Ocupación	Servizo	Xornada	Retribucións
PEÓN	Mantemento de Zonas Naturais e Espacios Públicos	Parcial. 75%	967,52 € Brutos/Mes. Incluída a prorrata da paga extra.

3. - REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.- para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto). No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso de persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas ao previsto regulamentariamente.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

f) Estar en posesión do permiso de conducir clase B.

4.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS CANDIDATOS.

4.1 Os que desexen formar parte no proceso selectivo, deberán presentar solicitude no modelo oficial que estará a disposición dos interesados nas dependencias administrativas do Concello de Friol e na páxina web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es), dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Friol, ou por medio dos restantes medios admitidos legalmente.

4.2 Para ser admitido ao proceso de selección os aspirantes manifestarán na súa solicitude de participación, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas no apartado 3ª das presentes bases.

4.3 Coas instancias deberanse acompañar tódolos documentos xustificativos dos méritos alegados conforme ao baremo que figura na convocatoria. A falta de acreditación dos méritos alegados na correspondente instancia, determinará a imposibilidade de valoración dos mesmos.

4.4. O prazo de presentación de instancias será de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ademáis da publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Friol. No caso de que o proceso remate en día inhábil, entenderase prorrogado ao día hábil seguinte.

4.5 As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Friol (Praza de España, 4 de Friol), ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Xunto coa instancia deberase presentar a seguinte documentación, orixinal ou copia cotexada:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia do Carné de Conducir.
- Declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de cumprir os requisitos no apartado 3ª das presentes bases, segundo o modelo que figura nestas bases como Anexo I.
- Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos que os/as aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- Certificación, de ser o caso, expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que é demandante de emprego e o tempo que leva nesta situación.
- De ser o caso, as persoas que aleguen ser vítima de violencia de xénero, acreditarase a situación segundo o artigo 5 la Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Se a solicitude se presentara por correo ou nun rexistro diferente ao do Concello de Friol se deberá remitir ao Fax do Concello de Friol (982375206) antes de data de expiración do prazo o documento xustificativo correspondente.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.-

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Friol e na páxina web (www.concellodefriol.es), sinalándose un prazo de tres días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento de oficio ou a petición do interesado. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

Nesta mesma resolución sinalarase o lugar e hora de realización das probas de oposición e a composición do Tribunal Cualificador.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Os datos persoais (nome, apelidos, enderezo aos efectos de notificación) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

6. - TRIBUNAL CUALIFICADOR. -

O Tribunal cualificador encargado da valoración dos méritos, así como da proba tipo test para a provisión dos postos de seis operarios para o servizo denominado "Mantemento de zonas naturais e espazos públicos" estará composto por:

- Presidente/a: O persoal funcionario da Corporación que se nomee.
- Secretario/a: O Secretario da Corporación ou funcionario da Corporación que lle substitúa.
- Vogais: Tres vogais persoal funcionario ou laboral fixo dunha administración local designados/as pola Alcaldía.

Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso ao posto convocado.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do tribunal de acordo co disposto nos artigos 1.1 d) e 27.1b), 29 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

7. - PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN. -



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

7.1 Fase de Oposición (Puntuación Máxima 10 Puntos)

Realizarase un exercicio que consistira en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 10 preguntas con tres respostas alternativas das que só unha será correcta, referidas ao contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO II. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos. O exame calificarase de 0 a 10 Puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba. As respostas correctas valoraranse cada unha con 0,5 puntos. As non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

Este exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

7.2 Fase de Concurso (Puntuación Máxima 12,00 Puntos)

A) Experiencia profesional: (Puntuación Máxima 5,00 Puntos)

- Por servizos prestados na Administración Pública Local ou nos seus organismos en postos relacionados co obxecto da convocatoria (obras e servizos) a razón de 0,07 puntos por mes ata un máximo de 2,50 puntos.
- Por servizos prestados na administración pública estatal ou autonómica en postos relacionados co obxecto da convocatoria (obras e servizos), a razón de 0,06 puntos por mes ata un máximo de 1,50 puntos.
- Por servizos prestados na empresa privada en postos relacionados co obxecto da convocatoria (obras ou servizos), a razón de 0,05 puntos por mes ata un máximo de 1,00 punto.

Os méritos do apartado A) acreditaranse mediante informe de vida laboral acompañado de contratos de traballo ou de certificación expedida por autorizado ou funcionario que acredite a situación laboral do solicitante.

B) Formación: (Puntuación Máxima 3,00 Puntos)

Valoraranse os títulos e curso de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologadas por estas:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- 0,10 puntos por curso de ata 10 horas ou que non especifiquen o número de horas.
- 0,20 puntos por curso de 11 a 30 horas.
- 0,30 puntos por curso de 30 horas en adiante.

Valoraranse en todo caso os cursos sobre prevencións de riscos laborais e seguridade e hixiene no traballo. Os que a xuízo do tribunal non estean acreditados ou non garden relación co posto de traballo, non serán valorados.

C) Colectivos con dificultade inserción laboral: (Puntuación Máxima 3,00 Puntos):

De acordo co esixido no Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo que financia estas contratacións ao abeiro do programa Depuemprego, valoraranse as seguintes circunstancias de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral:

- Ser muller: 1 Punto.
- Ter máis de 45 anos de idade: 1 punto.
- Persoa con discapacidade: 1,50 Puntos.
- Desempregado de longa duración (Máis de 12 meses inscrito na oficina de emprego ininterrompidamente): 1,50 Puntos.
- Persoa vítima de violencia de xénero: 1,50 Puntos.

D) Entrevista Persoal: (Puntuación Máxima 1,00 Punto)

Entrevista persoal realizada polo órgano de selección a fin de concretar a idoneidade do candidato para o adecuado desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado, a criterio ponderado do órgano de selección ata un máximo de 1,00 punto.

7.3 Puntuación Total

A puntuación total de cada aspirante no proceso selectivo virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de concurso e na fase de oposición.

O tribunal de selección determinará a lista provisional de aprobados e a orde provisional, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Friol e na



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

páxina web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es) a efectos de posibles reclamacións durante un período de tres días, que serán resoltas polo tribunal.

8.-LISTA DE APROBADOS.-

Rematada a fase anterior o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es) a lista definitiva de aprobados por orden de puntuación obtida. En caso de empate será nomeado o aspirante que tivese maior puntuación na fase de oposición, e se persiste o empate o aspirante que tivera maior puntuación no apartado A) da fase de concurso. De persistir o empate, o aspirante que obtivera maior puntuación no apartado B) da fase de concurso e de persistir o empate o que obtivera maior puntuación no apartado C) da fase de concurso. Se persiste o empate, por sorteo.

9.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.-

Os aspirantes seleccionados, no prazo de tres días naturais contados dende o día seguinte se fixese pública a lista definitiva de aprobados, deberá presentar na Secretaría do Concello de Friol, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- a) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- b) Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- c) Certificado de número de conta bancario.

Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser contratados, neste caso poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc.

10.- DISPOSICIÓN FINAL.- O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Asimesmo a xurisdición competente para resolver a as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Friol e na súa páxina web (www.concellodefriol.es), ante o Alcalde do Concello de Friol, de conformidade co descrito na Lei 39/2015, ou un recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Friol e na súa páxina web (www.concellodefriol.es), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese consideran máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, o Real Decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como pola restante normativa Estatal ou Autonómica vixente que sexan de aplicación por razón de materia.

En Friol a 20 de Xaneiro de 2017

O Alcalde

Asdo. José Ángel Santos Sánchez



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ANEXO I: SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE FRIOL PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE SEIS TRABALLADORES PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO "MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS E ESPACIOS PÚBLICOS" AO ABEIRO DO CONVENIO ASINADO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO - "PROGRAMA DEPUEMPREGO"

D./D^a _____ con D.N.I. número _____, con enderezo a efectos de notificación en _____, teléfono de contacto número _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Friol para a contratación laboral temporal de seis traballadores, a xornada parcial do 75% e de oito meses de duración.

DECLARO:

PRIMEIRO: Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO: Que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o correcto desempeño das súas funcións e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso de persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

TERCEIRO: Que autorizo ao Concello de Friol para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causa de exclusión, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es)

CUARTO: Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentado a documentación seguinte:

- D.N.I., pasaporte ou tarxeta de residencia.
- Permiso de conducir en vigor tipo B.
- Relación dos méritos que alego para a súa valoración e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido nas presentes bases.

Friol a ____ de _____ de 2017

Asdo. _____

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL. -



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ANEXO II: TEMARIO:

1º.- A Organización Municipal: Órganos e Competencias.

2º.- Concello de Friol: Poboación, Situación Xeográfica, Parroquias, Barrios e Vías de Comunicación, Turismo e Patrimonio.

3º.- Maquinaria, útiles e ferramentas do peón de obras.

4º.- Nocións básicas de seguridade e hixiene no traballo. Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais.

5º.- Coñecemento de materiais e ferramentas utilizadas no servizo de limpeza viaria.